



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

PDR 2014_2020 DE GALICIA

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Medida 6

Desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresariais

Submedida 6.4

Investimento en actividades non agrícolas



Índice

<u>1.</u>	<u>Medida 6. Desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresariais</u>	<u>2</u>
<u>1.1.</u>	<u>Submedida 6.4 Axuda para os investimentos na creación e desenvolvemento de actividades non agrícolas</u>	<u>2</u>
<u>1.1.1.</u>	<u>Que tipo de actuacións se financian?</u>	<u>3</u>
<u>1.1.2.</u>	<u>Quen pode solicitar esta axuda?</u>	<u>4</u>
<u>1.1.3.</u>	<u>Como se outorga a axuda?</u>	<u>4</u>
<u>1.1.4.</u>	<u>Que tipo de gastos se financian?</u>	<u>5</u>
<u>1.1.5.</u>	<u>Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?</u>	<u>5</u>
<u>1.1.6.</u>	<u>Que criterios serán utilizados para a selección?</u>	<u>6</u>
<u>1.1.7.</u>	<u>A canto ascende esta axuda?</u>	<u>7</u>
<u>1.1.8.</u>	<u>Quen xestiona esta axuda?</u>	<u>7</u>
<u>1.1.9.</u>	<u>Marco normativo</u>	<u>7</u>
<u>1.1.10.</u>	<u>Documentos e ligazóns relacionados</u>	<u>8</u>

1. Medida 6. Desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresariais

En virtude desta medida preténdese favorecer a creación de empresas e o desenvolvemento e aumento da competitividade das explotacións, especialmente aquelas lideradas por agricultores mozos. É fundamental asegurar a substitución xeracional do sector agrario, así como a fixación da poboación en zonas rurais co fin de evitar o grave problema do despoboamento e o envellecemento do medio rural galego.

Os indicadores demográficos demostran o grave problema de despoboamento e envellecemento que sofre Galicia, moi especialmente nas zonas rurais do interior. A solución non é sinxela e require de apoios múltiples que pasan por mellorar as posibilidades de emprego e dotar ás zonas rurais de servizos que as fagan atractivas para a poboación, particularmente para a poboación nova.

A incorporación da poboación nova e capacitada ao sector agrario, o apoio ás pequenas explotacións, a diversificación da actividade económica, a creación de novas empresas, o apoio a microempresas e pequenas empresas non agrícolas, así como a extensión da rede de banda ancha ao total do territorio rural son elementos imprescindibles de desenvolvemento que fomentan a creación de emprego e, por tanto o asentamento poboacional.

Para lograr estes obxectivos, o Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 pon en marcha catro submedidas:

- ✓ Submedida 6.1 Axuda á creación de empresas para os agricultores mozos
- ✓ Submedida 6.2 Axudas destinadas á creación de empresas para actividades non agrícolas en zonas rurais
- ✓ Submedida 6.3 Axuda destinada á creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións
- ✓ Submedida 6.4 Axuda para os investimentos na creación e desenvolvemento de actividades non agrícolas

En todos os casos consideraranse como criterios de prioridade os investimentos en proxectos innovadores recoñecidos no marco da AEI e as procedentes de iniciativas de cooperación e desenvolvemento local.

1.1. Submedida 6.4 Axuda para os investimentos na creación e desenvolvemento de actividades non agrícolas

Esta medida está dirixida á consolidación e creación de emprego nas zonas rurais mediante a creación e desenvolvemento de novas actividades económicas viables non agrícolas, que

deben contribuír a fomentar a diversificación económica, o equilibrio territorial e sustentabilidade do medio rural, tanto en termos económicos como sociais.

1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?

As iniciativas apoiadas que non teñan carácter agrario:

- ✓ Turismo rural, prestación de servizos turísticos, hostalería, iniciativas de agroturismo
- ✓ Comercio polo miúdo de produtos non incluídos no anexo I do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE)
- ✓ Talleres e fábricas de bens e materiais
- ✓ Produción e/ou elaboración de produtos non agropecuarios
- ✓ Transformación e comercialización de produtos non incluídos no anexo I do TFUE
- ✓ Produción de enerxías renovables
- ✓ Prestación de servizos sociais (garderías, coidado de anciáns, de discapacitados, granxas escola,...)
- ✓ Prestación de servizos a calquera sector económico (agricultura, silvicultura, poboación rural, sector industrial e de servizos,...)
- ✓ Desenvolvemento da artesanía e actividades artesanais
- ✓ Actividades baseadas nas novas TIC, comercio electrónico
- ✓ Actividades varias como servizos de enxeñería, arquitectura, veterinaria, limpeza industrial, servizos técnicos, contabilidade,...

No caso de concesión de axudas relacionadas coas enerxías renovables teranse en conta os seguintes requisitos:

- ✓ Biomasa

Nos casos en que proceda, exixírase o cumprimento do Real Decreto 1027/2007 polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios (RITE) no que se indica que as caldeiras de biomasa deben ter unha eficiencia maior ou igual ao 75%, así como calquera outra normativa que se desenvolva. Por isto requirírase que estas instalacións cumpran cos procedementos exixidos por esa normativa o nas súas futuras modificacións. En relación ás estufas de aire e outros equipamentos que non requiren o cumprimento destes trámites solicitaráselles a xustificación técnica de que o rendemento do equipo supere o 75%.

- ✓ Xeotérmica y aerotérmica

Cando proceda, se exixirá que as bombas de calor contén cun coeficiente de eficiencia enerxética en modo calefacción (COP) igual ou superior a 3,5 nas condicións



establecidas na norma que lles afecte (UNE- EN 14511:2012, UNE-EN 15316:2010, UNE-EN 16147,...) sempre e cando os equipos estean incluídos no campo de aplicación desta norma; excepcionalmente poderanse subvencionar equipos cuns coeficientes de rendemento menores sempre que se xustifique que non existe no mercado tecnoloxía dispoñible máis eficiente para esa solución particular. No caso de equipamentos que, segundo a normativa específica, deban dispoñer dunha cualificación enerxética, deberán contar cunha cualificación A ou superior para garantir uns rendementos axeitados dos equipos xeradores.

Ademais, nos casos nos que as instalacións deban ser consideradas como renovables verifícanse os requirimentos mínimos incluídos no documento “Prestacións medias estacionais das bombas de calor para a produción de calor en edificios”, emitido polo Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía, en función das características da instalación.

✓ Solar térmica

Exixírase un coeficiente global de perdas do panel solar inferior ou igual a $9 \text{ W}/(\text{m}^2 \text{ } ^\circ\text{C})$.

Para incrementar os rendementos das instalacións solares destinadas ao apoio a calefacción no sector doméstico e terciario, unicamente serán subvencionables se se empregan emisores de baixa temperatura de deseño (menores de 50°C), como solo radiante, radiadores de baixa temperatura o fan coils. Polo mesmo motivo non serán subvencionables aquelas instalacións destinadas ao quecemento de auga de piscinas descubertas.

1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?

Poderán acceder a esta axuda, sempre que desenvolvan o proxecto nunha zona rural:

- ✓ Os agricultores ou membros dunha unidade familiar dunha explotación que diversifiquen as súas actividades en ámbitos non agrícolas
- ✓ As microempresas e pequenas empresas situadas en zonas rurais
- ✓ Outras persoas físicas residentes nas zonas rurais, ben para crear unha nova empresa ou ben para seguir traballando na preexistente, como traballador por conta propia. A residencia comprobarase mediante o certificado de empadramento.

1.1.3. Como se outorga a axuda?

A axuda artícularase como subvencións aos investimentos realizados polas empresas, previa convocatoria pública en concorrència competitiva.



No seu caso habilitarase a posibilidade do recurso de instrumentos financeiros, e queda condicionada aos resultados da avaliación ex ante realizada segundo o artigo 30 do Regulamento (UE) 1303/2013, que demostre a existencia de deficiencias de mercado ou situacións de investimento subóptimas, estime o nivel das necesidades de investimento público e o seu alcance e estableza o tipo de instrumentos financeiros a aplicar.

1.1.4. Que tipo de gastos se financian?

Con carácter xeral, serán subvencionables:

- ✓ A construción ou mellora de bens inmobles, que só poderán ser utilizados en relación cos obxectivos do proxecto
- ✓ A adquisición de terreos non edificadas e de edificios xa construídos e os terreos sobre os que se asenten
- ✓ A adquisición de equipamentos, maquinaria, vehículos, aplicacións informáticas, páxinas web e material non funxible precisos para o desenvolvemento e bo fin da operación, ata o valor de mercado
- ✓ Outros investimentos materiais e inmateriais necesarias para a execución do proxecto
- ✓ Gastos de constitución (notariais, rexistrais e administrativos)
- ✓ Custos de posta en marcha (gastos salariais do promotor e os seus empregados durante o primeiro ano de actividade) por un importe total inferior a 20.000 €
- ✓ Os custos xerais vinculados ao investimento (honorarios de redacción de proxectos e de dirección de obra) sen que superen o 10% do gasto subvencionable.

Estableceranse custos de referencia con límites máximos admisibles para algúns tipos de gastos, en particular para os relativos á construción de infraestruturas.

Non serán subvencionables:

- ✓ Os gastos de funcionamento da actividade, o material funxible
- ✓ A maquinaria, equipamento e materiais de segunda man
- ✓ A reposición ou simple substitución de equipamento e maquinaria
- ✓ As obras de mantemento, os gastos de aluguer
- ✓ As taxas e licenzas administrativas, as partidas de gastos xerais e beneficio industrial
- ✓ O IVE, salvo cando non sexa recuperable conforme á lexislación nacional

1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?

Con carácter xeral, non son elixibles os investimentos sen viabilidade técnica, económica ou financeira; as relativas á instalación de novas liñas de produción de escaso valor engadido.

As operacións non deben estar iniciadas na data de presentación da solicitude e deben desenvolverse nas zonas definidas como rurais de Galicia. Ademais deben ser finalista e cumprir os obxectivos para os que foron aprobados no momento da certificación final, non admitíndose fases de proxectos.

No caso de empresas con actividade deberán, polo menos, manter o emprego existente na devandita empresa antes da concesión da axuda.

1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?

Aplicaranse criterios de selección de maneira obrigatoria, mesmo nos casos en que o orzamento da convocatoria sexa superior á demanda de financiamento. Os criterios de selección deberán estar claramente definidos antes do inicio do proceso de solicitude para garantir a igualdade de trato de todos os posibles solicitantes. En xeral, para cada criterio de selección outórganse puntos e a puntuación total da aplicación debe ser a suma dos puntos de todos os criterios de selección que se satisfagan. Fixarase un certo limiar mínimo de puntos que debe alcanzar unha solicitude para acceder á axuda. En particular poderanse valorar os seguintes criterios:

- ✓ Localización xeográfica das actuacións, para o que se terá en conta tanto a situación e evolución demográfica da zona en cuestión como o seu desenvolvemento socioeconómico
- ✓ Creación de emprego
- ✓ Utilización de enerxías renovables e TIC
- ✓ Calidade, claridade e concreción do proxecto
- ✓ Incidencia do proxecto sobre determinados colectivos (mozos, mulleres e colectivos desfavorecidos)
- ✓ Posta en valor de produtos ou capacidades da zona

En instrumentos financeiros, a selección de proxectos incluírá un procedemento de cualificación do risco de crédito e avaliación do grao de colateralización ou garantías.

A cualificación do risco será o resultado de avaliar de forma ponderada factores como os seguintes:

- ✓ Experiencia previa e traxectoria empresa/promotores
- ✓ Antecedentes empresa/promotores
- ✓ Calidade da xestión operativa
- ✓ Capacitación técnica xeral
- ✓ Risco de produto
- ✓ Risco de mercado

- ✓ Capacidade financeira
- ✓ Risco por complexidade técnica
- ✓ Viabilidade económica e financeira da actuación
- ✓ Factores atenuantes do risco

O grao de colateralización determinarase en función das garantías que no seu caso poidan cubrir o risco financeiro da operación, definíndose como a porcentaxe de perda en caso de falta de pagamento

1.1.7. A canto ascende esta axuda?

O importe da axuda será do 45% dos custos elixibles.

De acordo co artigo 3.2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis, establécese que o importe total das axudas de minimis concedidas por un Estado membro non pode exceder dos 200.000€ durante calquera período de tres exercicios fiscais.

1.1.8. Quen xestiona esta axuda?

Esta axuda será xestionada por dúas entidades:

- ✓ A Subdirección de Planificación e Dinamización do Medio Rural da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader)
- ✓ O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) da Consellería de Economía, Emprego e Industria

1.1.9. Marco normativo

- ✓ Regulamento (UE) Nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns ao FEDER, FSE, Fondo de Cohesión, Feader e FEMP
- ✓ Regulamento (UE) Nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ✓ Regulamento (UE) Nº 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen normas aplicables aos pagos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da Política Agrícola Común



- ✓ Regulamento (UE) N° 1407/2013 da Comisión, de 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis
- ✓ Regulamento Delegado (UE) N° 807/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias
- ✓ Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- ✓ Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia
- ✓ Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados

- ✓ Normativa aplicable ás infraestruturas no medio rural (Consellería do Medio Rural)
http://mediorural.xunta.gal/es/institucional/normativa/medio_rural/infraestructuras
- ✓ Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader)
<http://agader.xunta.gal/>
- ✓ Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)
<http://www.igape.es/gl/>
- ✓ Para obter máis información, consulte a sección 8.2.5.3.4 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020

